



# PLAN DIGITAL

## IES VALLE INCLÁN

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O IES Valle-Inclán está situado na cidade de Pontevedra na Gran Vía de Montero Ríos, s/n, nun edificio de comezos do século XX que funcionou ata os anos sesenta como único instituto da cidade. Hoxe en día imparte estudos de ESO (16 unidades), 1º e 2º de bacharelato LOE de ciencias e tecnoloxía e de humanidades e ciencias sociais (10 unidades), en réxime diúrno; así mesmo conta con ensinanzas de bacharelato de adultos na modalidade presencial (4 unidades). Finalmente, facilita cinco aulas á unha sección da EOI para impartir inglés en horario vespertino-nocturno. No presente curso 2021/2022 hai matriculados 760 alumnas e alumnos e o claustro ten 76 profesores.

O correo electrónico do Centro é [ies.valle.inclan@edu.xunta.gal](mailto:ies.valle.inclan@edu.xunta.gal) e o enderezo da páxina web é <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesvalleinclan> .

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Valle Inclán atende a unha poboación que reside maioritariamente no centro da cidade e que pertence, a grandes trazos, á clase media.

Non podemos facer referencia á contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo, xa que é un documento do Centro que está en fase de elaboración.

Si que podemos sinalar que a resposta de toda a Comunidade Educativa tanto das familias como do profesorado foi sempre de apoio aos diferentes plans de implantación das novas tecnoloxías da Consellería de Educación comezando por Abalar e continuando con Edixgal, que está actualmente implantado nos catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.

Agardamos que os obxectivos que marcamos co desenvolvemento do Plan Dixital estean integrados na Programación Xeral Anual do curso 2002-2003.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa relacionada co Plan Dixital queda concretada nos seguintes apartados:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan*

*instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### **1.4. Proceso de elaboración**

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital do IES Valle Inclán durante o curso 2021-2022 estivo formado polo Director do Centro Francisco Xosé Suárez Benito e os profesores do Departamento de Tecnoloxía Alba Fuentes Sánchez e Fernando Vázquez García (que exerceu de coordinador). En todo momento estivemos apoiados polo mentor do Plan Dixital na zona de Pontevedra Diego Abarca Rodríguez. A metodoloxía de traballo sempre foi similar á hora de analizar o Selfie e o Test CDD, realizar o DAFO, os obxectivos do Plan de Acción e finalmente o Plan Dixital, o coordinador realizaba un documento previo que servía de base de traballo e posteriormente o equipo en conxunto debatía a proposta e facía os cambios consensuados que fosen necesarios.

Se facemos unha análise cronolóxica, o primeiro paso foi promover a realización do Selfie dixital (ferramenta estándar da Unión Europea que permite facer unha autodiagnose dixital dos centros educativos) no que acadamos unhas boas porcentaxes de participación (70 % do profesorado e arredor dun 84% do alumnado). A seguinte etapa foi a realización do Test de Competencia Dixital Docente por parte do profesorado na que a participación superou o 60%. Coa información obtida do Selfie e do Test CDD elaborouse o DAFO (Informe de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades dixitais do Centro) que serviu de base para a redacción dos obxectivos do Plan de Acción, apartado clave para a mellora dixital do Centro e elemento primordial do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O Centro ten dúas redes Wifi: A rede Abalar que utilizan os ordenadores do programa Edixgal e a rede Eduxunta usada polo profesorado nos seus equipos dixitais e que se abrirá no curso 2022-23 ao alumnado de Bacharelato. Tamén contamos cunha rede cableada que permite o acceso a internet aos ordenadores de xestión (Equipo Directivo), administración, aulas de Bacharelato, departamentos, sala de profesores, biblioteca e as aulas de Informática e Tecnoloxía.

Respecto ao equipamento dispoñible podemos facer o seguinte resumo:

Aulas dixitalizadas	EDI + portátil + altosfalantes	Menos de 5 anos	Máis de 5 anos	Titularidad
Aulas ordinarias	26 (3 sen EDI)	0	26	AMTEGA
Aulas desdobres	5 (3 sen EDI)	0	5	AMTEGA
Laboratorios e aula de Debuxo	4 (2 sen EDI)	0	4	AMTEGA

- Proxecto Edixgal: 486 ordenadores de alumnado e 16 ordenadores de profesorado.
- Equipos de Xestión e Administración: 8 ordenadores de titularidade do Centro e 1 de AMTEGA.
- Equipos da Biblioteca: 8 ordenadores de alumnado e 1 do profesorado de titularidade do Centro.
- Equipos na sala de profesores: 5 ordenadores de titularidade do Centro.
- Equipos nos departamentos: 12 ordenadores de titularidade de AMTEGA de bastante antigüidade.
- Aula de Informática 1: 19 ordenadores fixos de titularidade de AMTEGA.
- Aula de Informática 2 (Laboratorio de Bioloxía): 19 ordenadores portátiles de titularidade do Centro.
- Aula de Tecnoloxía: 15 ordenadores fixos de titularidad do Centro.
- Programa “Educa en digital”: 39 ordenadores.
- Temos 10 portátiles de AMTEGA para substituir os ordenadores das aulas de bacharelato que son de titularidade do Centro.

No apartado de servizos educativos o centro ten o programa Edixgal nos cuatro cursos de ESO, aula virtual no Bacharelato e nos cursos de ESO que non están adscritos ao programa Edixgal, páxina web e o profesorado utiliza o espazo Abalar especialmente para a comunicación coas familias a aplicación Abalarmóvil.

O mantemento do equipamento de Edixgal é levado a cabo pola profesora Alba Fuentes en colaboración co Servizo Prime da Consellería e o mantemento do resto do equipamento é xestionado polo profesor Fernando Vázquez axudado pola empresa Tyrel que realiza unha visita semanal ao Centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Como resumo de información das áreas do SELFIE, presentamos na seguinte táboa, as valoracións do Equipo directivo, profesorado e alumnado nas etapas que se imparten no Centro (O valor máximo de cada apartado é un 5).

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,8	3,6		
	Profesorado		2,7	3		
	Alumnado		-	-		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,2	3,2		
	Profesorado		2,4	2,5		
	Alumnado		2,9	2,3		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,2	3,9		
	Profesorado		3,3	3,1		
	Alumnado		3,9	2,8		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,8	4		
	Profesorado		3,1	2,9		
	Alumnado		-	-		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,3	4,1		
	Profesorado		3,9	4		
	Alumnado		4	3,9		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,9	3,3		
	Profesorado		3,2	3,2		
	Alumnado		3,2	2,7		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,8	3,5		
	Profesorado		2,7	3		
	Alumnado		2,9	2,2		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4,1	3,7		
	Profesorado		3	3,3		
	Alumnado		3,2	2,7		

Respecto ao Test CDD, a información recollida queda reflectida nas seguintes táboas. É importante reseñar que o procedemento de realización foi de autodiagnose que unido a unha redacción das preguntas e repostas do test moi enfarrañosa fai que non sexa fiable a información recollida.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	31	50	62%
PROVISIONAL	1	4	25%
INTERINO	10	14	71,4%
SUBSTITUTO	5	10	50%
OUTROS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,1	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a(B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,9	Integrador/a(B1)	79,2	Integrador/a(B1)
BAC	78	Integrador/a(B1)	77,9	Integrador/a(B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2,1%
A2	10	20,8%
B1	25	52,1%
B2	10	20,8%
C1	2	4,2%
C2	0	0%
TOTAL	48	100,00%

Para a análise DAFO tamén incluimos pola experiencia do propio Centro dous aspectos a maiores:

A necesidade dun protocolo claro e sinxelo no Instituto para solucionar coa máxima celeridade os problemas técnicos que se producen nas aulas.

A determinación clara de que persoas son as responsables de cada apartado e de cantas horas dispón para poder realizar ese traballo.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o TCDD e aspectos internos, o equipo TIC xerou unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

O DAFO finalizado foi o seguinte:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Temos un bo acceso a Internet para o ensino e aprendizaxe. (C3 profesorado)	1. O centro ao estar totalmente ocupado ten limitacións para a ampliación de aulas con ordenadores. (C14 Limitación espazo físico)
	PERSOAL DOCENTE	1. O profesorado busca recursos educativos dixitais en Internet. (E1 profesorado) 2. O alumnado afirma que o profesorado utiliza plataformas en liña ás que eles tamén poden contribuir. (E3 alumnado) 3. O profesorado ten un nivel de competencia dixital superior á media de Galicia. (Test CDD)	1. A maior parte do profesorado comeza usar as tecnoloxías dixitais ao mesmo tempo que o resto dos seus compañeiros. (Profesorado adopción da Tecnoloxía) 2. Non hai un debate no Centro sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (B2 profesorado) 3. O equipo directivo non promove o intercambio de experiencias dentro do Centro sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais. (D3 profesorado) 4. O profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. (F6 profesorado) 5. O equipo directivo non axuda a utilizar tecnoloxías dixitais para fins de avaliación. (G7 profesorado)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. No Centro hai dispositivos portátiles que o alumnado pode levar á casa se é necesario. (C10 alumnado ESO) 2. Moito alumnado sabe usar o software e as aplicacións sen axuda (60%). (Alumnado)	1. Aínda temos unha porcentaxe importante de alumnado que necesita axuda para usar o software e as aplicacións (40%).
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. O equipo directivo apoia que o profesorado explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (A3 equipo directivo)	1. No noso centro non temos tempo para explorar como mellorar o meu método de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A4 profesorado) 2. Necesítase un protocolo claro e eficiente para subsanar as deficiencias técnicas con rapidez. (Análise propia do Centro) 3. É fundamental crear un equipo de traballo TIC con tarefas e tempos claros para a execución das mesmas. (Análise propia do Centro)



EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Por subvencións da Unión Europea é bo momento para a renovación e adquisición de novo material dixital.	1. Intento pola Consellería de impoñer plans complexos cun exceso de carga burocrática en vez de plans sinxelos, claros e eficaces.
	LEXISLACIÓN	1. Concordancia entre os novos cambios pedagóxicos propostos na nova lei de educación e as liñas do plan dixital.	1. O plan dixital ten que ser independente dos cambios legislativos que imos ter nos dous vindeiros cursos académicos.
	CONTORNA	1. A pandemia amosou a necesidade dun plan dixital de ensinanza tanto a nivel presencial no Centro, mixto e a distancia.	
	ANPA	1. A ANPA está concienciada na promoción e apoio do ensino dixital.	
	OUTRAS ENTIDADES		

## 3. Plan de Acción

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas follas seguintes temos desenvolvidos os obxectivos do noso Plan de Acción, que son os elementos claves do Plan Dixital.

### Táboas do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro do IES VALLE INCLÁN de Pontevedra

Área/s de mellora: H-Competencias dixitais do alumnado						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Proporcionar no primeiro trimestre ao alumnado de 1º e 2º de ESO a través da materia de Tecnoloxía e dixitalización formación en recursos informáticos básicos (sistemas operativos, ofimática e edición multimedia) de tal xeito que contribúa ao bo desenvolvemento dixital de todas as materias.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefe do departamento de Tecnoloxía.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe de avaliación positiva dos traballos informáticos da materia na 1ª avaliación.(Instrumento: Nota 1ª avaliación).					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% Non existen traballos avaliados.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	75% de traballos con avaliación positiva.			20 de decembro de 2022.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Priorizar os contidos dixitais no primero trimestre na programación de Tecnoloxía e diixitalización de 1º de ESO e Tecnoloxía de 2º de ESO.	Xefe de departamento de Tecnoloxía.	8 de Setembro 2022.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Impartir ditos contidos.	Profesorado de Tecnoloxía de 1º e 2º de ESO.	20 de Decembro 2022.	Equipos edixgal.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: H - Competencias dixitais do alumnado							
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Proporcionar no primeiro trimestre ao alumnado de 1º e 2º de ESO a través da materia de Tecnoloxía e dixitalización formación en aspectos como seguridade informática, cumprimento dos dereitos de autor ou respecto aos demais na interacción nas redes sociais.					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Xefe do departamento de Tecnoloxía.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe de sinaturas polo alumnado de 1º e 2º de ESO dun compromiso de boas prácticas nas redes sociais e respecto á propiedade intelectual.(Instrumento: Documento de boas prácticas).						
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% Non hai sinaturas do compromiso de boas prácticas.						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	75% do alumnado asina o compromiso.				20 de decembro de 2022.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A02.1:Priorizar estes contidos dixitais nas materias de Tecnoloxía de 1º e 2º de ESO ao 1º trimestre.	Xefe de Departamento.	8 de Setembro 2022.			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2:Impartir ditos contidos.	Profesorado de Tecnoloxía de 1º e 2º de ESO.	20 de Decembro 2022.	Equipos edixgal.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3:Elaborar o documento de compromiso para ofrecerllo ao alumnado	Equipo TIC.	9 de Decembro 2022.			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: C: Infraestruturas e equipamento						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Abrir a rede wifi edu xunta do Centro ao alumnado de Bacharelato co fin do seu aproveitamento polo profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director do Centro.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Porcentaxe de profesorado de Bacharelato que utiliza a rede wifi eduxunta no proceso de ensinanza-aprendizaxe. (Instrumento: Enquisa)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	3 profesores de Bacharelato					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	12 profesores de Bacharelato			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Abrir a rede eduxunta do Centro ao alumnado de Bacharelato, proporcionándolle unha credencial.	Director.	8 de Setembro 2022.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Promover o uso dos dispositivos móbiles nas aulas de Bacharelato.	Responsable aula virtual.	20 de xuño 2023.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Realizar unha enquisa na aula virtual ao profesorado de Bacharelato sobre a utilización e aproveitamento da rede.	Responsable aula virtual.	20 de Xuño 2023.	Aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: B – Colaboración e redes						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Compartir experiencias e recursos dixitais e profundizar no uso destas tecnoloxías para a avaliación (rúbricas, libro de calificacións,...)				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora edixgal.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Rúbricas realizadas e recursos elaborados nun grupo de traballo (CFR Pontevedra). (Instrumento: Memoria anual)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 recursos ou rúbricas					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5 recursos ou rúbricas			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1:Crear un grupo de traballo para profundizar no uso das tecnoloxías para a avaliación.	Coordinadora edixgal.	1 de xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2:Elaborar rúbricas e recursos diixitais	Profesorado do grupo de traballo	1 de Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: D-Desenvolvemento profesional continuo							
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Implantar unhas xornadas dixitais no Centro nas que se comparta o desenvolvido no grupo de traballo ou outros recursos dixitais co resto do profesorado					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Responsable aula virtual					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Realización de 3 xornadas de formación en horario de tarde para o profesorado. (Instrumento: Memoria anual)						
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 xornadas realizadas						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	3 xornadas realizadas				1 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A05.1: Escoller os recursos máis significativos e útiles para o profesorado, dos que se traballaron no grupo de traballo.	Responsable aula virtual.	1 de xuño 2023.			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.2: Impartir a xornada 1.	Responsable aula virtual.	11 de outubro 2022.			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.3: Impartir a xornada 2.	Coordinadora edixgal	2 de febreiro 2023.			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.4: Impartir a xornada 3.	Profesor/a grupo traballo	27 de abril 2023.			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

**Área/s de mellora: B – Colaboración e redes**

<b>OBXECTIVO 6: (1)</b>	Reflexionar sobre as vantaxes e desvantaxes do recursos dixitais respecto aos sistemas tradicionais no proceso de ensinanza-aprendizaxe.	Acadado
<b>Responsable:</b>	Responsable da aula virtual.	QUNon acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Documento sinxelo que recolla as vantaxes e desvantaxes de cada recurso dixital traballado no grupo de traballo ou outros recursos dixitais habitualmente usados polo profesorado.(Instrumento: Memoria anual)	
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 documentos creados.	
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5 documentos creados.	20 de xuño de 2023

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A06.1:Elaborar un documento sinxelo onde se plasmen as vantaxes e desvantaxes dos recursos dixitais traballados ao longo do curso	Responsable da aula virtual.	1 de outubro 2022.			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A06.2:Cumprimentar unha enquisa respondendo ás preguntas do modelo.	Profesorado do Centro.	1 de xuño 2023.			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A06.3:Elaborar o documento resumo.	Responsable da aula virtual.	20 de Xuño 2023.			Realizada
					Aprazada
					Pendente



Área/s de mellora: E – Apoio e recursos						
<b>OBXECTIVO 7: (1)</b>	Mellorar o repositorio de recursos da aula virtual do Centro para profesorado e alumnado, facendo principal fincapé en edixgal, moodle e recursos para o alumnado.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Responsable da aula virtual.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de recursos publicados (Instrumento: aula virtual)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	5 temas para o alumnado, 6 titoriais de edixgal e 6 de moodle para o profesorado.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	9 temas para o alumnado, 9 titoriais de edixgal e 9 de moodle			20 de xuño de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A07.1:Facer propostas de recursos dixitais para ser incluídos nos repositorios.	Profesorado e alumnado do centro.	1 de maio 2023.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2:Elaborar os recursos para engadilos na aula virtual.	Equipo TIC.	Xuño 2023.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A - Liderado						
<b>OBXECTIVO 8: (1)</b>	Mellorar a coordinación na atención ás plataformas educativas dixitais e o mantemento técnico do Centro distribuíndo as responsabilidades entre polo menos tres persoas.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director do Centro.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Documento do protocolo creado.(Instrumento: memoria anual)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	Non hai documento.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Documento creado.			16 de setembro de 2022.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A08.1:Crear un equipo TIC que coordine o ámbito dixital repartindo as responsabilidades en tres ámbitos: Edixgal, Aula virtual e páxina web e mantemento da aula aula virtual.	Director.	1 de Setembro 2022.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2:Elaborar un protocolo de aviso en caso de problemas técnicos ou relacionados coas plataformas dixitais.	Responsable da aula virtual.	16 de Setembro 2022.			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: A - Liderado							
<b>OBXECTIVO 9: (1)</b>	Mellorar a comunicación coas familias a través de abalar móbil, abalarPro e unha rede social como instagram.					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director do Centro.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)</b>	Número de profesores que utilizan abalar móbil e abalarPro na súas comunicacións coas familias e indicadores de participación en instagram. (Instrumento: Enquisa ao profesorado)						
<b>Valor de partida: (3)</b>	50% do profesorado usa estas ferramentas						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	75% do profesorado usa estas ferramentas				20 de xuño de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
A09.1: Crear e utilizar a conta de Instagram do Centro e publicitala a través da web e de Abalar móbil.	Director.	1 de outubro 2022.				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A09.2: Incluir abalar móbil e abalarPro nos recursos analizados no grupo de traballo	Coordinadora edixgal.	1 de xuño 2023.				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A09.3: Potenciar o uso de abalar móbil e abalarPro con envíos periódicos ás familias.	Titores/as.	20 de xuño 2023.				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

- (1) **Establecer e numerar** OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos** (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
  - Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR**: Permitirán **avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA**: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO**: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN**: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase A01.1., a segunda A01.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES**: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN**: Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS**: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN**: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO**: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Por orde de prioridade estas son as necesidades do Centro no apartado de Equipamento:

- a) 3 encerados dixitais interactivos (EDI) en aulas de EDIXGAL que non foron substituídos e temos unhas pizarras moi antigas de Star board.
- b) 2 encerados dixitais interactivos (EDI) para as dúas aulas de Informática do Centro, xa que non temos.
- c) 1 canón proxector de boa calidade sen unir á parede para unha das aulas de Informática, xa que pola súa disposición é necesario ter o EDI nunha parede e poder proxectar tamén cara á outra. O canón que temos non da moita luz e ten moitos anos.
- d) 4 ordenadores para o alumnado na biblioteca do Centro, temos 8 mercados no seu momento co orzamento da Biblioteca pero xa están obsoletos. Non pedimos 8 porque o alumnado de ESO normalmente xa trae o seu portátil e non soen usar os propios da biblioteca.
- e) O profesorado de Bacharelato necesita ordenadores en momentos puntuais, polo que solicitamos dous carros móbiles con 30 ordenadores portátiles cadaún, para poder responder a esta necesidade. Solicitamos dous carros porque os grupos de Bacharelato están divididos en dúas plantas.
- f) Substituír 3 proxectores NEC polos Epson en aulas de EDIXGAL por unificar equipos de cara ao traballo polo profesorado.

## 4. Avaliación do Plan Dixital

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

Para realizar un seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos marcados o equipo TIC analizará a súa evolución nos seguintes intreos:

- Ao comezo do curso co fin de establecer un calendario resumido no que se marquen as datas e momentos claves ao longo do curso das accións que acadarán os obxectivos.
- Na metade dos tres trimestres para poder analizar a evolución do plan co estudo da execución das accións e valoración de resultados e ter así, se fose necesario, unha marxe de modificación das accións co fin de acadar os obxectivos.
- Ao remate do curso, no que se fará unha valoración final dos obxectivos alcanzados e formularase propostas de mellora para cursos vindeiros.

### 4.2 Propostas de mellora

Tal como sinalamos no apartado anterior, será na reunión final do equipo TIC e unha vez analizado todo o traballo ao longo do curso cos obxectivos acadados e non acadados, cando se establezan as propostas de mellora para o curso seguinte.

## 5. Difusión do plan

Co fin de facer chegar o plan a toda a comunidade educativa do IES Valle Inclán, poderase acceder e descargalo ao longo de todo o curso nun sitio destacado na barra lateral dereita da páxina web do Centro. As familias tamén recibirán unha mensaxe a través de abalar móbil na que se lle informará da publicación do plan dixital e a forma de acceso ao mesmo.